



**CONCELLO DA CORUÑA**  
**Area de Xustiza Social e Coidados**  
**Servizo de Educación**  
📁 236/2017/100 📄 23611I00MQ

## **BASES DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA EDUCATIVO “VI CERTAME DE MONÓLOGOS CÓMICOS EN LINGUA GALEGA 2017” DA CONCELLARÍA DE XUSTIZA SOCIAL E COIDADOS**

A Concellaría de Xustiza Social e Coidados, dentro dos programas educativos municipais “A Coruña Educa” do curso 2017/2018, cos obxectivos de potenciar a comprensión e a expresión oral, así como a creatividade e a espontaneidade na expresión oral do alumnado de ensino secundario en lingua galega, convoca o “**VI Certame de Monólogos Cómicos en Lingua Galega 2017**”, dirixido ao alumnado de educación secundaria, bacharelato e ciclos formativos de FP, coas seguintes bases:

### **1. PERSOAS DESTINATARIAS**

- 1.1. Poderá participar no concurso o alumnado de educación secundaria, bacharelato e ciclos formativos de centros educativos situados no concello da Coruña.
- 1.2. Establécense tres categorías:  
**Categoría A:** alumnado de 1.º e 2.º cursos da ESO  
**Categoría B:** alumnado de 3.º e 4.º cursos da ESO  
**Categoría C:** alumnado de bacharelato e ciclos formativos de FP.
- 1.3. Cada centro docente poderá presentar o alumnado participante de maneira individual ou en grupos.
- 1.4. O alumnado que se presente individualmente representará un monólogo.
- 1.5. Cada grupo estará integrado por un máximo de tres persoas e representará un único monólogo.

### **2. CARACTERÍSTICAS DOS MONÓLOGOS**

- 2.1. Os monólogos deberán versar sobre un dos seguintes **temas**:
  - **Categoría A:** *Que teño que facer para encaixar no instituto?/ A miña familia e o meu móbil.*
  - **Categoría B:** *O que me gusta facer no meu tempo de lecer/ Os meus “bloggers”, “twiteiros/as” ou “youtubers” favoritos.*
  - **Categoría C:** *Como se vive no meu barrio! /Series en TV ou en liña.*
- 2.2. Os monólogos terán unha **duración máxima de cinco minutos**; representaranse exclusivamente en lingua galega e deberán tratar un dos temas establecidos para cada categoría nestas bases.



**CONCELLO DA CORUÑA**  
**Area de Xustiza Social e Coidados**  
**Servizo de Educación**

📁 236/2017/100 📄 23611I00MQ

2.2. Os monólogos deberán ser **“falados”, non lidos**. O feito de ler parte ou a totalidade do monólogo será causa de descualificación inmediata.

2.3. Os monólogos non deberán conter linguaxe sexista, racista nin palabras malsoantes e deberán respectar a dignidade das persoas.

2.5. Os monólogos pasarán a ser propiedade do Concello da Coruña e poderán ser utilizados por este en campañas de promoción da lingua galega.

### **3. LUGAR E DATA DO CONCURSO**

O concurso realizarase o **mércores 20 de decembro de 2017, ás 18.00 h, no Teatro Rosalía Castro**.

O alumnado concursante deberá presentarse no teatro ás 16.00 h.

### **4. INSCRICIÓN**

4.1. O prazo de inscrición será **do 2 ao 17 de novembro de 2017**, a través da ficha específica do certame, que se atopa na web [www.edu.coruna.es](http://www.edu.coruna.es)

4.2. A solicitude debe conter, de xeito obrigatorio, os seguintes datos: nome e apelidos da persoa/s autora/s do monólogo, NIF/NIE/pasaporte, enderezo postal, teléfono e enderezo electrónico de cada participante, curso e centro no que estuda e título do monólogo. Nome, enderezo electrónico e teléfono do/da profesor/a coordinador/a.

4.2. **O prazo para enviar os monólogos** por enderezo electrónico a [educacion@coruna.es](mailto:educacion@coruna.es) finalizará **o 5 de decembro de 2017**. No envío, deben figurar os seguintes datos: o título do monólogo, o nome e apelidos da/s persoa/s autora/s, a categoría na que participan e o centro educativo onde estudan.

No caso do alumnado que sexa menor de idade, achegarán ademais a autorización dos pais/nais ou titores legais do uso da imaxe (que tamén se atopa na citada web).

### **5. XURADO**

5.1. O xurado do concurso terá a seguinte composición:

- dúas persoas monoloxistas ou relacionadas co mundo das artes escénicas,
- unha persoa titulada universitaria en estudos de lingua Galega,
- unha persoa en representación do Concello da Coruña, que actuará como secretario/a, con voz pero sen voto.

5.2. O xurado valorará os seguintes criterios:



**CONCELLO DA CORUÑA**  
**Area de Xustiza Social e Coidados**  
**Servizo de Educación**

📁 236/2017/100 📄 23611I00MQ

- orixinalidade do texto do monólogo,
- calidade lingüística, corrección e fluidez,
- dramatización do monólogo e
- axustarse ao tempo establecido nas bases para facer o monólogo. Valorarase negativamente exceder os cinco minutos establecidos como tempo límite.

5.3. O xurado emitirá o veredicto o mesmo día do certame. Este veredicto será inapelable.

## **6. PREMIOS**

6.1. Todo o alumnado participante recibirá un diploma acreditativo da súa participación.

6.2. En cada categoría, haberá un primeiro e un segundo premio.

6.2.1. As persoas clasificadas en primeiro lugar en cada categoría recibirán un diploma acreditativo da súa participación, dúas entradas de cada espectáculo do ciclo de monologuistas *Falando Á Boca Chea* (que se celebrará no Forum Metropolitano do 18 ao 21 de abril de 2018) e outras dúas para o ciclo *Ilusioohn! Primavera 2018* (que se celebrará no Ágora).

Ademais, poderán participar de xeito voluntario como “monologuistas invitados” no mencionado ciclo *Falando Á Boca Chea* para actuar xunto con algún dos monologuistas profesionais deste (sempre que acheguen a correspondente autorización dos país/nais ou titores legais, se son menores de idade).

6.2.2. As persoas clasificadas en segundo lugar en cada categoría recibirán un diploma acreditativo e dúas entradas de cada espectáculo do ciclo de monologuistas *Falando Á Boca Chea*.

6.2.3. As entradas poderán ser recollidas nos despachos de billetes do IMCE (localizados na praza de Ourense, Forum Metropolitano ou Ágora) co documento acreditativo do premio xunto co DNI das persoas premiadas.

7. A participación neste certame implica a aceptación destas bases.



**CONCELLO DA CORUÑA**  
**Area de Xustiza Social e Coidados**  
**Servizo de Educación**  
📁 236/2017/100 📄 23611I00MQ

Para a promoción do certame, e por segundo ano, tamén se convoca o

## **II OBRADOIRO DE INTRODUCCIÓN Á INTERPRETACIÓN DE MONÓLOGOS CÓMICOS**

Para o alumnado de ESO, bacharelato e ciclos formativos de grao medio de FP interesado en participar no certame, convócaselle a unha acción formativa de 4 horas de duración, que se realizará **o sábado 25 de novembro de 2017, de 17.00 a 21.00 h, no Ágora.**

Este obradoiro ten coma obxectivos axudarlle ao alumnado a pulir os seus textos e mellorar a súa interpretación cómica. Baixo a dirección do cómico e guionista **Victor Grande**, traballaranse os seguintes contidos:

- técnicas básicas para escribir comedia;
- estrutura do “gag”;
- formas de mellorar un texto cómico;
- como interpretar un texto cómico de xeito natural;
- regras non escritas en comedia e como rompelas; e
- trucos e experiencias persoais para actuar diante do público

A inscrición é voluntaria e de balde.

**O prazo de inscrición é do 2 ao 17 de novembro**, a través da ficha específica do obradoiro (que se atopa na web [www.edu.coruna.es](http://www.edu.coruna.es)), cubrindo os seguintes datos: nome e apelidos, NIF/NIE, idade, teléfono e correo electrónico, centro educativo, nivel, curso e grupo. Os menores de idade deberán achegar a autorización dos seus pais ou tutores legais (que tamén se atopa na web).

A adxudicación farase pola orde de chegada das inscricións. Haberá unha listaxe de agarda no caso de que haxa máis solicitantes que prazas.

As listaxes de persoas admitidas e de agarda serán publicadas a semana anterior ao obradoiro.

A Coruña, 18 de outubro de 2017

Belisario Sixto San José

Xefe de servizo de Educación